

Ourense Última hora

Fabiola García: "O traballo das entidades sociais de Ourense fala dunha cidade solidaria e comprometida"

A conselleira de Política Social e o presidente do Parlamento galego, Miguel Ángel Santalices, visitaron esta mañá cinco asociacións na cidade das Burgas

• 21 de Febreiro de 2022



Usamos cookies no noso sitio web para proporcionarlle a experiencia máis relevante lembrando as súas preferencias e repetindo visitas. Ao facer clic en "Aceptar", acepta o uso de TODAS as cookies.

[Configuración das cookies](#)

ACEPTAR

e febreiro, a conselleira de
García, e o presidente do
Parlamento galego, Miguel Ángel Santalices visitaban

cinco organizacións sen ánimo de lucro centradas diferentes eidos que desenvolven o seu labor na cidade de Ourense, un traballo que “fala dunha cidade solidaria e comprometida”, destacou a conselleira.

As entidades que visitaron foron Afaor, que serve de punto de encontro para as familias de persoas con alzheimer; Renacer, que atende ás persoas con dano cerebral de Ourense; BaoQuivi, que permite dar un servizo de protección á infancia; a Asociación de Viudas María Andrea, que pon en contacto a mulleres en situación de vulnerabilidade; e Aixiña, que ofrece servizos de atención a persoas con discapacidade.

O Goberno galego achega a estas cinco asociacións un investimento que supera o millón de euros, dos que 600.000 son para financiar un total de 33 prazas públicas para persoas con discapacidade no centro residencial de Aixiña, entidade na que a conselleira de Política Social mantivo un encontro cos medios de comunicación.

Fabiola García destacou que “as entidades sociais que teñen presenza na cidade das Burgas dan boa conta do espírito dos seus cidadáns e do bo vivir que se respira nas súas rúas”. E agradeceu a todas elas o seu labor, ás que asegurou que a Xunta de Galicia está e “estará sempre ao seu carón para facer realidade todos os seus proxectos”, dixo.

Usamos cookies no noso sitio web para proporcionarlle a experiencia máis relevante lembrando as súas preferencias e repetindo visitas. Ao facer clic en "Aceptar", acepta o uso de TODAS as cookies.

[Configuración das cookies](#)

ACEPTAR

#conselleira

#entidades

#O Barco

#Ourense

#Valdeorras

#visita